



DECRETO DA ALCALDIA

En data 18 de xullo de 2023, n.º RE 477 recibíuse instancia de solicitude de subvención asinada por Don Daniel Rejes Trobo, actuando como Presidente en representación da Asociación Club Deportivo Alfoz, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións de Alfoz co número 11, e provista de CIF G-27032390.

No citado escrito se indica que para o PROXECTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CLUB DEPORTIVO ALFOZ TEMPADA 2022/2023 solicita a concesión de subvención por importe de 7.000 euros.

Esta actividade obxecto da subvención é realizada por estas entidades:

Nome da entidade	Obxecto social
CULB DEPORTIVO ALFOZ	Fomento e práctica de actividade física e deportiva
	Expediente 226/2018 Rexistro Municipal de Asociacións n.º inscrición 11
	Decreto Alcaldia 871/18 de 14/12/18

Á súa vez, segundo consta na documentación aportada xunto coa solicitude, queda acreditado que as referidas entidades áchanse ao corrente no cumprimento das súas obrigación tributarias e fronte á Seguridade Social e non está incurso nas prohibicións para obter dita condición, previstas nas bases reguladoras da subvención, así como nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Visto que, dentro do Plan Estratéxico de Subvencións 2019/2023 deste Concello, está prevista a liña:

5.1. SUBVENCIONS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, CULTURA, A XUVENTUDE E O FOMENTO TURISTICO.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, deportivo, xuvenil y turístico.

b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calqueira outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.





- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
- Fomentar la promoción del deporte federado das entidades deportivas .

c)Prazo de execución: Anual

d)Costes previsibles:

Os costes previstos para o periodo 2017-2019 serán ata o máximo da disponibilidad das consignacions orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e)Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

f)Procedimiento de concesión:

O procedemento de concesión se realizará en xeral por concurrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento e para as axudas directas extraordinarias por razóns de interés público, social, económico ou humanitario.

g)Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizaráse mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria , e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o otorgamento de subvencións nominativas.

Á vista do orzamento xeral deste Concello para o exercicio 2023 , en concreto as Bases de Execución do orzamento que recolle na Base 33, subvencións nominativas a que segue: Clube Deportivo Alfoz , tempada equipo de fútbol 2022/2023 (7.000,00 euros) e tempada 2023/2024 (7.000,00 euros) , polo que se efectuou consignación na aplicación orzamentaria 341.480.

Á vista do exposto , en data 30 de agosto de 2023 por esta Alcaldía dictouse decreto de incoación en expediente327/2023 sobre concesión de subvención nominativa ao Clube Deportivo Alfoz, nos termos indicados.

Ao citado expediente , en data de 30 de agosto de 2023, se incorpora informe de fiscalización da Secretaria- Interventora no que se indica , entre outros aspectos, que a documentación aportada na conta xustificativa é incompleta e que algún gasto non se entende subvencionable:





(...) A factura de Pablo Cid n.º 29 de 31/01/2023 por importe de 48,40 no ten justificación de pagamento da mesma.

(...)

Non se computa, por NON GARDAR RELACION COA ACTIVIDADE DEPORTIVA OBXECTO DE SUBVENCIÓN:

- factura Gráficas Arfe A /190 no que consta “ churrascada”. Importe 165,52 euros.
 - Factura Gráficas Arfe A/ 12 . Impresión de rifas. Importe 14,52 euros.
 - Factura Gráficas Arfe A/378. Impresión entradas , invitación cena y rifas. Importe 90,90 euros .
 - Factura Gráficas Arfe A/343. No que consta carteles cena Nadal por importe de 13,50 euros máis IVE. Importe 138,42 euros.
 - Factura Gráficas Arfe A/280. Consta impresión de rifas. Importe 192,87 euros.
- (..)

INCIDENCIA: Non se declaran ingresos por socios abonados nin por rifas, cando nas facturas de gasto se presentan facturas de Gráficas Arfe nas que se inclúen como gasto realizado os de impresión de carnets de socios e en distintas facturas, tiras para rifas.

Sobre este particular, tanto a Lei de Subvencións Xeral e de Galicia como a propia ordenanza municipal reguladora, recollen de forma pormenorizada os requisitos para entender qué gastos son subvencionables e a súa forma de acreditación (artigo 30 e seguintes) . Cuestión distinta acontece respecto dos ingresos , que se atende á declaración que se presente co orzamento detallado de ingresos e a declaración de axudas e medios financeiros.

De conformidade co artigo 33,1,5) se entende que o adecuado e correcto financiamento das actividades subvencionadas forman parte do control financeiro posterior.

(..)

IMPORTE SUBVENCIONABLE:

GASTOS IMPUTABLES	9.955,39
INGRESOS IMPUTABLES	3.200,00
DIFERENCIA	6.755,39 EUROS.

(..)

Devólvese o Expediente para emenda de erros ou, no seu caso, achega dos documentos preceptivos:

- Debe aportarse DNI do Presidente do Club como representante da entidade, salvo acordo da entidade en outro sentido. Artigo 27.2.2) da ordenanza municipal.





- *Debe aportarse a Resolución de concesión de subvención da Deputación Provincial, de conformidade co artigo 31.2. d) da ordenanza municipal. “*

Logo do requerimento efectuado por Decreto da Alcaldía 598/23, a Asociación presenta o día 31 de agosto de 2023, n.º 637:

- Fotografía del DNI del Presidente, Daniel Rejes Trobo. El documento NO se ajusta a lo prevenido en el artículo 27.2.2 da ordenanza, que indica FOTOCOPIA.

Tal incidencia se solventa en data 05 de setembro de 2023, n.º RE 661 .

- Aportan BOP de Lugo de data 10 de agosto de 2023 no se publica Anuncio das SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2023 , onde consta o Club Deportivo Alfoz cunha subvención de 1560 euros no expediente 217.

A maiores da documentación requirida , se volve a presentar conta xustificativa na que se recolle en gastos un volcado dos datos recollidos no excell presentado no seu día , por importe de 10.606 euros. (inicialmente presentou na declaración responsable a cantidade de 10.200,00 euros en gastos).

Revisados os novos importes imputados en gastos, se comproba que se corresponde cos analizados no informe de 30 de agosto de 2023, se reitera o indicado sobre os gastos non imputables, a incidencia en canto á acreditación de ingresos da declaración e se efectúa a seguinte proposta de importe subvencionable:

IMPORTE SUBVENCIONABLE:

GASTOS IMPUTABLES	9.955,37
INGRESOS IMPUTABLES	3.170,00 (*)
DIFERENCIA	6.785,37 EUROS.

(+) E non 3.200,00 euros como se indicada inicialmente (revisión do declarado na Memoria e a suma dos importes de ingresos indicados na xustificación) .

Á vista do informe referido, e de conformidade co indicado no artigo 68 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, esta Alcaldía en exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, VEÑO EN RESOLVER:





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

PRIMEIRO.- Conceder ao Clube Deportivo Alfoz subvención nominativa pola actividade: CLUB DEPORTIVO ALFOZ TEMPADA FUTBOL 2022/2023 , por importe de SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRINTA SETE CÉNTIMOS DE EURO (6.785,37 euros).

SEGUNDO.- Prestar aprobación, recoñecemento e abono á cantidade de pagamento da subvención concedida, por importe de 6.785, 37 euros contra a partida 341.480 (RC 1972).

TERCEIRO.- Dar conta da presente ao interesado , a Base Nacional de Subvencións e á Tesorería Municipal.

En Alfoz, na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa

Asdo. Efigenia Maseda Paz.

